

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

27. XESTIÓN DE CREBAS DE SEGURIDADE

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcg@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpg@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. (art. 6.1.c. do RXPd).

FINS

Xestión e avaliación das crebas de seguridade notificadas polos responsables do tratamento.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoas físicas, incluídas as representantes de persoas xurídicas.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, sinatura, enderezo electrónico.

DESTINATARIOS

Autoridade de control correspondente (Axencia Española de Protección de Datos), a máis tardar nas 72 horas despois de ter constancia dela. Se dita notificación non ten lugar dentro deste prazo, deberá ir acompañada de indicación dos motivos da dilación.

Se fose necesario, cando dita brecha de seguridade supoña un alto risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, comunicaráselle ao interesado, e ás Forzas e Corpos de seguridade do Estado, de selo o caso.

No están previstas transferencias internacionais dos datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.



Responsable de seguridade TIC: Oficialia Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: "Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia".